

LA MEMORIA INFINITA 1224

Maite Alberdi, 2023

ESTREA EN NUMAX: 12.01.2024 | V.O. | +12 | 85 min

Augusto, un coñecido xornalista cultural chileno, e Paulina, actriz e ex ministra de cultura, levan xuntos e namorados máis de 25 anos. Cando a memoria de Augusto empeza a debilitarse, aprenderán a reinventar a forma de relacionarse entre eles, facendo evidente que o amor que se teñen e o seu sentido do humor son inquebrantables. A directora de "El agente topo", Maite Alberdi, regresa con este belísimo relato sobre o amor e o recordo.

«Aborda o romance e conta unha das historias de amor máis conmovedoras dos últimos tempos»

José Solís, THE FILM STAGE



Entrevista con Maite Alberdi e Paulina Urrutia «Quixen contar unha historia de amor, non facer un filme sobre o alzhéimer»

Por Ricardo Gallegos

Como foi a decisión de realizar este documental? En que punto conectaron?

Maite Alberdi [MA]: Empezamos hai uns cinco anos. Chamoume a atención ver a Augusto e a Paulina xuntos. Era unha parella que o estaba pasando ben nun contexto en que calquera outra parella poderíao estar a pasalo mal. A partir de aí fomos contruíndo o proxecto, aos poucos, entendendo en cada momento onde estabamos e onde estaba o mundo tamén. O que eu quería era relatar unha historia de amor, non un filme sobre o alzhéimer. Un filme sobre a memoria e sobre a vida.

Paulina, como foi e que implicou tomar a decisión de facer isto xunto a Augusto?

Paulina Urrutia [PU]: A decisión de participar no filme foi de Augusto. Cando Maite lle dixo se quería facer unha película, dixo “claro, por suposto, ningún problema”. E evidentemente fomos os fillos, os amigos e eu mesma quen opuxemos resistencia durante un tempo. Visto o proxecto rematado entendo que Augusto quixese participar. El dedicou unha parte importante da súa vida a rexistrar o noso país e a participar da súa comunidade artística. Por tanto enfrontar a enfermidade nun filme foi algo natural e grazas á maxia e o talento de Maite converteuse nunha obra luminosa e transformadora.

Obviamente existe unha conexión entre o traballo de Augusto de recompilar a memoria de Chile e a perda da súa propia memoria. Esta conexión entre o alzhéimer e o esquecemento da memoria colectiva do país, foi algo que tiveches en mente desde o inicio? [MA] Non, para nada. Eu partín querendo facer un retrato de como unha parella vivía a enfermidade e pensaba que non era necesario contar o pasado nin botar man do arquivo. Pero aos poucos, conforme fun coñecendo a Augusto, decateime de que non o podía representalo sen contar esa parte da súa vida. Tiña que ver cunha identidade que mantivo ata o final, con obsesións que o preocuparon, con cousas que lembraba. Para entender o presente hai que entender o pasado. Somos un todo e dalgunha maneira el axudoume a entender ese punto de vista da película. Cando fun atopando eses arquivos, cando vin os seus discursos, quedoume moi clara a súa preocupación pola memoria histórica, porque as cousas se soubesen, rexistrasen e falasen.

Paulina, como era para vostedes ter esta presenza en casa? Tanto ti como Augusto estades afeitos ás cámaras de certa maneira, ti como actriz e el como xornalista. Entón, como lidaban coa gravación? [PU] Como ti ben dis, relacionámonos co proceso do rexistro da película de maneira moi distinta. Augusto estaba moi afeito a estar fronte a cámara, por tanto, para el era unha situación moi activa ter a cámara presente porque el xa tiña unha relación. E pola miña banda, eu son actriz e no meu traballo tento esquecerme da cámara. A verdade é que actuamos dunha maneira moi natural con ese rexistro desde a natureza distinta de cadaquén.

[MA]: Esa pregunta ten a ver cos límites dos documentais e do cinema. Eu creo que cada filme debe ir atopando os seus propios límites e un deles é, obviamente, a creación de espazos de comodidade para as persoas filmadas. Neste caso fomos establecendo os límites xuntos, co paso dos anos, unha vai sabendo onde a cámara debe e onde non debe entrar. É moi difícil establecer uns límites a priori.